

1990

A realidade social dista moito de achegarse a unha situación equitativa entre homes e mulleres



Folga de ASTANO, 1990. Narón-Ferrol


TRABALLO DOMÉSTICO AO 50%

Cando falamos de traballo doméstico, moitas veces esquecemos que se trata dunha actividade socialmente necesaria e imprescindible para que funcione con normalidade o resto da vida. Imaxinemo-nos por un momento que sucedería nunha cidade calquera se todas as mulleres que hoxe realizan estas tarefas se negaran a face-las, probablemente pararian as fábricas, oficinas e talleres porque o absentismo laboral sería inaguantábel, colapsarían-se os centros médicos porque aumentarían rapidamente as enfermidades nas persoas máis débiles, nenos, vellos, e incapacitados, e así poderíamos seguir imaxinando unha longa serie de desastres.



A loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

8 de Marzo,
día da muller traballadora



Malia que o ordenamento xurídico resultante da Constitución de 1978 abrise novos camiños na eliminación da discriminación por razón de xénero, a realidade social dista moito de achegarse a unha situación equitativa.

A loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todos os ámbitos: política, sociedade, educación, mundo laboral, etc. é unha das demandas fundamentais do movemento feminista.

A este respecto, foron moitas as campañas levadas a cabo polo movemento feminista en denuncia desta situación e na defensa de propostas de actuacións concretas que contribúan a paliala.



«Muller somos, mulleres seremos, pero caladas non q
Ladaíñas e salmodias (femininas, feministas)
8 Marzo 1992.

Dos baixos salários
do paro e dos despidos
libera-nos señor.

Da desigualdade laboral
do traballo submerxido
libera-nos señor.

Da dupla xornada laboral
na casa e fóra da casa
libera-nos señor.

Da provocación dos homes
polos escotes e polas minisaias
libera-nos señor.

Dos maridos que berran
dos maridos que mallan
dos maridos que matan
libera-nos señor.

Do acoso sexual
dos compañeiros no traballo
libera-nos señor.

Do traballo doméstico
exclusivamente feminino
libera-nos señor

Da ilegalidade do aborto
e dos grupos "pro-vida"
libera-nos señor.

Das senténcias machistas
e dos xuíces que as dictan
libera-nos señor

De ser vendidas como obxectos
por unha publicidade estúpida
libera-nos señor

De maridos, compañeiros
e noivos ciumentos
libera-nos señor.

Da falta de información sexual
e anticonceptiva
libera-nos señor.

Dos centos de embarazos de adolescentes
e dos matrimonios prematuros
libera-nos señor

Dos ex-maridos
que non pagan as pensións
libera-nos señor.

Dos xuíces machistas,
libera-nos señor

Dos que pensan que as mulleres
somos sempre culpábeis do mal
libera-nos señor.

Dos que pensan que somos feministas
por falta dun "bo home"
libera-nos señor.

De toda violación
e de toda agresión
libera-nos señor

Das ameazas de despido
se non accedemos
aos desexos sexuais dos superiores
libera-nos señor.

Dos pais autoritários
que se pensan
"que a letra, con sangue, entra"
libera-nos señor.

De Julián García Vargas
que quere para todas e todos
disciplina militar
libera-nos señor.

Desta Administración
por tantas e tantas cousas
libera-nos señor.

De que sexa clandestina
a procura dun enderezo para abortar
libera-nos señor.

Dos rexímenos de dietética,
da moda e da cosmética
libera-nos señor.

Dos que pensan que as mulleres
somos flores ou floreros
libera-nos señor.

Dos xornalistas que non entenden
as demandas feministas
libera-nos señor

De que sexan os homes
"os que teñen razón"
libera-nos señor.

Do machismo,
da aversión ás mulleres
da misoxínia,
libera-nos señor.

De como maioritariamente
nos tratan os xornais,
libera-nos señor.

Dos que pensan que as mulleres
somos ceros á esquerda
e non valemos nada
libera-nos señor.